



# SENDEIRO DE ZOBRA

# *Limiar*

*Co gallo da inminente homologación do roteiro do Sendeiro de Zobra, e en recoñecemento da labor que ao longo dos anos ven desenvolvendo a Comunidade de Montes de Zobra, Roteiros de Lalín organiza o próximo domingo 22 de novembro de 2015 unha andaina por este roteiro que xa é un referente para os afeccionados a disfrutar da paisaxe natural.*

*Este pequeno traballo é unha recopilación de informacións sobre a parroquia de Zobra e quere documentar os elementos destacables polos que pasa esta ruta.*


Viarum dezae

Roteiros de Lalín

## Sendeiro de Zobra

Percorrido curto:

- Distancia 11 quilómetros
- Dificultade media
- Duración aproximada 4 horas (9:30 a 13:30)
- Zobra, Armadiñas, río Deza, Porto Martín, A Mataka, Bresoi, Ponte dos Medos, Cabana, A Trigueira.






Viarum dezae

Roteiros de Lalín

## Sendeiro de Zobra

Percorrido longo:

- Distancia 18 quilómetros
- Dificultade alta
- Duración aproximada 6 horas (9:30 a 15:30)
- Zobra, Armadiñas, río Deza, Porto Martín, Ameixedo, Monte Coco, Bresoi, Ponte dos Medos, Cabana, A Trigueira, Campo Valín, A Freixa, Vaca Morta, Zobra.



SENDEIRO DE ZOBRA

# PARROQUIA DE ZOBRA



(Fotografía: Vista panorámica de Zobra)

A parroquia de Santa Mariña de Zobra sitúase no extremo sur do Concello de Lalín. Pola súa situación orográfica e o seu illamento case secular, estivo por moito tempo esquecida. Porén, nestes últimos anos, Zobra está a recuperar o protagonismo que lle corresponde por moitas razóns.

Zobra está nun lugar privilexiado, encaixada nos Montes do Testeiro en plena Serra do Candán. Está composta por un total de nove lugares (Azevedo, Portela, Trigueira, Portomartín, Cabana, Ameixedo, Liñeiras, Chedas e a propia Zobra), espallados en 22,5 quilómetros cadrados cun marcado carácter montañoso. É a parroquia de maior extensión de todo o Deza. Limita polo leste co concello ourensán do Irixo, polo sur co concello de Forcarei, polo norleste coa parroquia de Lebozán do Concello de Lalín e polo noroeste coa parroquia de Vilatuxe tamén de Lalín.

A parroquia de Zobra ten unha densa rede hidrográfica. Hai tres ríos principais o río Deza, o río Zobra e o río Chedas. Os vales que surcan estes tres ríos lle confiren un gran valor paisaxístico ó territorio e lle imprimen unha beleza realmente espectacular. As montañas circundantes danlle a Zobra un carácter esgrevio e a rodean de pureza.



SENDEIRO DE ZOBRA

# SERRA DO CANDÁN



(Fotografía: Cumio do Monte Coco e vista da devesa de Ameixedo).

A parroquia de Zobra está dentro dun triángulo de sistemas montañosos formados pola Serra do Candán, Testeiro e Couto de Zobra. Os picos máis altos de Zobra son o Monte Coco (969 metros), A Ágoa (911 metros), Pena Grande (829 metros), O Castelón (820 metros), O Couto de Zobra (846 metros) e o alto da Rabeixa (899 metros).

Dentro da chamada dorsal galega, a Serra do Candán pode considerarse unha prolongación dos Montes do Testeiro cara o norte, conformando unha barreira duns 1000 metros de altura que pecha a comarca do Deza polo oeste. Os cumios e cimas máis altas da Serra do Candán son: o alto de San Bieito do Candán (1017 metros de altitude), o monte Coco (969 metros), Seixiños Brancos (906 metros), monte Chamor (816 metros) e Alto de San Sebastián (750 metros). Na serra do testeiro está o monte Uceiro 1004 metros (tamén chamado Testeiro) e pena Pixín con 984 metros.

SENDEIRO DE ZOBRA

# ZOBRA PARAISO NATURAL



A totalidade do territorio da parroquia de Zobra está incluído dentro do Parque Natural da Serra do Candán e Zobra, e está así dentro da relación dos 21 espazos naturais galegos na rede ecolóxica europea NATURA 2000.

A vexetación nas zonas baixas ó pe dos ríos, especialmente nos vales fondos e encaixados, onde hai unha maior riqueza dos solos e elevada humidade, predominan os bosques de ribeira con amieiros, bidueiros, salgueiros e carballos. Tamén aparece mesturado o castiñeiro e con bastante frecuencia manchas densas de acivros (*Ilex aquifolium*). No sotobosque hai presenza de arando e herbáceas entre a que destaca a Arnica empregada en medicina e especie ameazada en Galicia. Hai tamén unha importante cantidade de especies de fentos, musgos, liques e cogumelos.

A vexetación nas zonas altas, a partir de altitudes superiores os 500 metros comeza o dominio do carballo, ocupando zonas extensas de sombra mentres que nas zonas de solaina son case inexistentes. Gradualmente o carballo é substituído polo cerquiño (*Quercus pyrenaica*). As zonas castigadas polo lume teñen piornais ou xesteiras con xesta amarela e codeso. En maiores altitudes con chans degradados hai toxo asnal, queiruga, toxo femia e diversas especies de ericáceas como a carpaza, a uz, a uz vermella e nas zonas máis altas



substituíndo aos toxos, grandes extensións de carqueixas. Este tipo de vexetación era moi importante para o gando nas cortes, ou para leña e os carrascos son a garantía para ter unha boa cilleita de mel. Absolutamente todo o que daba o monte era aproveitado polas xentes da parroquia nun boísimo exemplo de autoabastecemento e de desenrolo sostible.

As devesas son bosques autóctonos de xeración espontánea situados nas ladeiras máis inaccesibles das montañas. Son un tesouro de biodiversidade. As devesas en Zobra constituíron ata hai ben pouco o eixo económico e social da vida das xentes de Zobra. Ademáis da venta de leña, facíanse estacas para levar ó Ribeiro e a cambio traíase viño. Ademáis aproveitábase a madeira dos carballos e as úces para facer carbón vexetal que despois se vendía en Beariz e en Soutelo de Montes e era empregado para alimentar os fornos que fundían despois o estaño extraído das minas de Zobra. Comercializábase tamén a casca dos carballos que servía para curtir as peles. Tamén se aproveitaba a madeira dos vidos para facer zocos e apeiros para a labranza, e tamén as castañas para o autoconsumo das casas o que era unha das bases da alimentación da época. Ter unha boa extensión de devésa era ter moita riqueza xa que permitía vivir aos seus donos de maneira desafoxada. A sabiduría popular soupo sacar o maior rendemento das devesas e ao mesmo tempo conservalas.

En canto a fauna, ahí que destacar a abundancia de especies cinexéticas como coellos e lebres, e tamén o xabarín. Tamén quedan aves rapaces diurnas, aínda que o Bufo Real e a Aguia Real parece que están extinguidas debido probablemente aos parques eólicos. No tocante aos mamíferos pódense citar ao lobo, donicela, a londra, etc.



(Fotografía: Vista das devesas de Ameixedo).



## ZOBRA, CURSO ALTO DO RÍO DEZA




(Fotografía: O Pantano. Presa da central onde se almacenaba o caudal do río Deza para canalizalo ata a central a través dun tubo cilíndrico de ferro e así poder mover a turbina por medio da forza da auga).

Na parroquia de Zobra atópase o curso alto do río Deza. O nacemento do Deza están no lugar de As Antas preto da cima do Paraño.

O Deza, no seu curso alto, vai fortemente encaixado e ábrese paso polo canón que forman as serras do Testeiro e do Candán. E así chega ao lugar chamado Ponte dos Medos, cun pequeno bosque de ribeira ao seu carón, e predominando a matogueira nas zonas superiores cunha forte presenza dos afloramentos rochosos por un val moi encaixado e con fortes pendentes.

E así continúa preto de Cabana e a Trigueira, recibindo logo pola dereita o río Zobra e o río Chedas, e pola esquerda o río Grovas e o rego do Candán, ata chegar a Vilatuxe no lugar coñecido como Pozo do Boi. Acompañan ao Deza fermosísimos vales de devesas.



## ZOBRA É TERRA DE MEL E ALVARIZAS



En Zobra elabórase un dos mellores meles de Galicia. A existencia de varias alvarizas redondas con muros altos de pedra espaxadas polos montes de Zobra e arredores, fala dunha tradición de séculos. A falta de adaptación aos novos tempos, acelerada na década dos oitenta coa aparición de novas enfermidades das abellas, fixo que estivese preto da desaparición a actividade da apicultura nestas terras. Afortunadamente non foi así.

O mel de Zobra é un mel caseiro co sabor dos meles do pasado, feito unicamente coa mecanización indispensable para evitar a manipulación do mel, sen ningún tratamento industrial. Trátase dun mel elaborado polas abellas a partir do nectar das flores dos casrascos, uzes e en xeral das distintas familias de plantas do xénero “erica” a título principal, e nunha porcentaxe entre o 30 e o 40 % a partir do nectar de plantas e flores que medran no enclave natural de zobra.

Mel O Carrasco, mel O Testeiro e mel O Cortizo son os tres produtores de mel de Zobra. No ano 2008, Mel O Testeiro gañou o primeiro premio na cata de meles de Galicia na variedade monofloral e a distinción de prata na variedade multifloral. Mel O Cortizo gañou a distinción de ouro no certame do ano 2009. Igualmente estes produtores acumulan varios postos destacados noutros anos.

As alvarizas son construcións típicas da zona, de forma circular. Foron construídas para defender as colmeas dos ataques dos osos que non hai moito tempo habitaban estas terras. Pola desaparición do oso pardo na zona, as edificacións atópanse en desuso e moitas delas en ruínas, polo que sería interesante actuar para evitar a súa perda. Son un exemplo da sabiduría plasmada na arquitectura popular.



As alvarizas están construídas con rochas aproveitadas do entorno, concretamente lousas e xistos. Con estes materiais constrúese en cachotaría en seco un recinto circular ou ovalado, pechado e de certa altura, próxima aos dous metros, cun voladizo. Para o acceso ao interior, no muro dotábanse dunha estreita entrada que se pechaba mediante unha sinxela porta de madeira.

A morfoloxía e a orientación das alvarizas non é casual. Búscase captar o sol orientándoas ao nacente así como evitar á sombra no interior para evitar a humidade e as xeadas. Igualmente as alvarizas están máis ben nos fondos dos vales preto de algún regato. Con esto facilítase ás abellas o descenso das partes altas onde collen o néctar e a posibilidade de ter auga relativamente cerca para favorecer o seu ciclo vital.



(Fotografía: Alvariza preto do camiño en dirección á Ponte dos Medos).

En canto a presenza do oso nestas terras, hai varias referencias que amosan a súa importancia en Galicia no século XVI e tamén no XVII. No século XIX parece que aínda subsistía un grupo de úrsidos nas serras do Faro e do Testeiro. A súa desaparición total debeuse producir a finais do século XIX e a principios do século XX. Testemuño delo son as alvarizas que chegaron ata os nosos días.



SENDEIRO DE ZOBRA

## ZOBRA FOI TERRA DE MINERÍA



(Fotografía: Casas das minas. Lugar onde vivían os encargados da explotación mineira coas súas familias. Hoxe en día apartamentos rehabilitados e convertidos en apartamentos de turismo rural, propiedade da Comunidade de Montes de Zobra.)

Nos montes da parroquia de Zobra, sobre todo nos do Lugar de A Trigueira e arredores, concentrouse unha importante actividade mineira na explotación do estaño, actividade que tivo unha importante influencia socioeconómica en todo o contorno debido a cantidade de recursos humanos que absorbía tal actividade, economato, pensións dos xornaleiros foráneos... Contan os vellos do lugar que na época da guerra e posguerra na parroquia de Zobra non se pasou fame debido a que a actividade mineira demandaba gran cantidade de man de obra, a parte doutras fontes de ingresos que tiñan na zona como o mel, gando, estacas, raíces das uces para facer carbón... e a gran extensión de monte veciñal coa que contaba a parroquia o cal era traballado polos veciños para a produción de centeo.

As primeiras actividades mineiras da zona datan do ano 1918, segundo os ASUNTOS (Expedientes do Rexistro Mineiro da época). As minas eran "Denuncadas" polos empresarios mineiros solicitando ante o Negociado de Gobernación e Fomento os dereitos de explotación mineira, o cal se lle concedía a concesión mineira inscribíndoa no Rexistro Mineiro, no cal se lle asignaba un número de rexistro, nome e superficie á explotación. Os titulares das minas ás veces facían diversos contratos de arrendamentos a outras empresas. Outros buscadores de estaño eran os aventureiros, aqueles que pola súa conta,



independentemente da compañía mineira, intentaban dar cun filón de estano.

A partires do ano 1930 é a entidade “Sindicato estannífero de Lalín” a que continúa coas extraccións mineiras de estaño da zona rexistrando numerosas minas como as denominadas: Mina da Malaca, da Banka, La Cortada, Victoria e Bitillón.

Na década dos anos 1940-1950 foi cando a actividade mineira acadou a súa época de máximo esplendor cando o kilo de estaño acada un elevado valor no mercado. O 14 de setembro de 1944 O Banco Popular Español S.A. pasa a ser o titular das minas trala compra das 6 minas efectuada ó titular anterior “Sindicato estannífero de Lalín”. Foi este o periodo correspondente coa época de apoxeo da extracción de estaño dando lugar á modernización da explotación mineira mediante a construción das oficinas, polvoríns, pantano e casa da central para a produción de luz eléctrica, apertura de vías de comunicación, vivendas, adquisición de maquinaria... Como nota anecdótica compre sinalar que o lugar da Trigueira, debido á actividade mineira da zona, contou con luz eléctrica antes ca vila de Lalín.

Posteriormente coa caída do prezo do estaño a actividade mineira foi decaendo co que supuxo o progresivo abandono das explotacións mineiras. A última concesión mineira que se rexistrou na zona data do ano 1973 a nome da empresa “Mina Recuperada, S.A.” centrando a súa explotación no monte denominado “Monte da Corza” na que se pode observar hoxe en día unha das minas máis grandes da zona “A Mina da Corza”. A concesión desta caducou no ano 1992.

Da magnitude que acadou a actividade mineira nesta zona ao longo do século XX, son hoxe en día testemuña as numerosas infraestructuras que quedan visibles na zona.

(O anterior texto correspóndese co que figura no panel didáctico-informativo existente preto da Mina da Corza).





Vista da zona mineira onde se aprecia unha canle incrustada no terreo por onde votaban o escombros (mineral mesturado con pedra) ata os lavadoiros.




Depósito dos lavadoiros ubicado ao final da canle onde caía o escombros extraído das minas que votaban dende a parte alta da canle.



Lavadoiros das minas. Aquí pasaban o escombros do depósito ao tren de lavado, onde separaban o estaño dos restos.



Unha vez seleccionado o estaño e limpo pasaban a almacenalo nos almacéns de estaño.



Casa da Central. Central eléctrica onde se producía corrente pra dotar ás infraestructuras minerais de luz eléctrica.



Casa de Coco. Vivenda do encargado da explotación mineira e lugar onde se almacenaba o estaño xa seleccionado.

A vía de saída do estano realizábase por Soutelo de Montes, por ser a mellor alternativa e ser máis doado e curto o percorrido, ata os fornos de Beariz onde se procesaba para a súa industrialización.

(As anteriores fotografías correspóndense co que figura no panel didáctico-informativo existente preto da Mina da Corza).



SENDEIRO DE ZOBRA

# ETNOGRAFIA



As xentes de Zobra son solidarias, tranquilas, traballadoras e festeiras.

Os veciños da parroquia xuntábanse para traballar colectivamente en moitas labores. Así acontecía nas mallas, nas fiadas do liño, e nos carretos que eran grupos de carros para ir por pedras de cantería a Soutelo.

O carácter festeiro e alegre de Zobra é outro sinal de identidade desta parroquia. Antigamente había ruada ou pandeiretada cada martes, xoves e domingo durante todo o ano. Ademáis había festas como o San Manuel ou día do primeiro do ano, a Santa Mariña que é a patrona da parroquia e celébrase o 18 de xullo. Tamén o San Ramón e Santa Bárbara, patróns dos lugares de A Trigueira e de Portomartín. Festas como o San Antonio e o martes de carnaval fóronse perdendo, pero xurden outras como os magostos e a festa do río.

Na parroquia desenvolvéronse os oficios tradicionais sendo os máis significativos o de labrego, os mineiros, os canteiros, carpinteiros, ferreiros, zapateiros, tecedeiras e costureiras. Tamén houbo estraperlistas que se adicou a traficar co metal que se extraía das minas vendéndoo de xeito clandestino.

A emigración tamén marcou a parroquia de Zobra marchando xente de zobra cara América principalmente Panamá, Venezuela, Arxentina e Brasil. Tamén a Suíza e Francia ou País Vasco e Asturias.

## A COMUNIDADE DE MONTES DE ZOBRA



A finais do ano 1992, os “Montes de Zobra” foron clasificados como veciñais en man común a favor da Comunidade Veciñal de Zobra. A extensión aproximada da superficie clasificada era de 1388 hectáreas.

A importancia dos montes veciñais en man común en Galicia é moi grande. A cuarta parte do territorio galego, máis de 700.000 hectáreas, corresponde a monte veciñal en propiedade comunal, xestionado por 2800 comunidades de montes. Esta figura ten polo tanto unha gran importancia, sendo un sinal de cultura e identidade e tamén un claro indicador económico e produtivo. Polo tanto é preciso recoñecer a aportación do monte veciñal nas súas múltiples vertentes tanto social como económica e ambiental.

A orixe dos montes veciñais pode verse incluso na época castrexa. Na era romana mudouse o xeito de entender a propiedade da terra e a explotación da mesma, prevalecendo a titularidade individual. Pero posteriormente, na época sueva, impuxéronse os costumes xermánicos, e dende entón chegou ata os nosos días a institución da propiedade comunal do monte veciñal.

Polo tanto os montes veciñais galegos non son públicos nin privados. Son das persoas que os habitan, que xestionan os mesmos mentras vivan alí de xeito comunal e a través de asembleas e procesos participativos.

Neste contexto, a Comunidade de Montes de Zobra está a facer unha grande labor para a conservación e desenvolvemento sostible do monte, e este esforzo vai dirixido a que a parroquia de Zobra non vaia cara o abandono e avance fixando poboación mediante a creación de postos de traballo e a conservación dos seus recursos naturais e etnográficos, buscando unha explotación sostible dos seus terreos de xeito ordenado e abrindo camiño tamén noutros sectores como o turismo rural.



## Bibliografía:

- “Santa Mariña de Zobra, a nosa parroquia”. Ana Belén González Munín. Anuario de Estudos do Deza nº6.
- “A Comarca do Deza”. Daniel González Alén y Armando Vázquez Crespo.
- “Lalín. La tierra de Deza”. Armando Vázquez Crespo. Editorial Everest S.A.
- “Guía do Deza”. Luis Couto Lorenzo. Editorial Galaxia, S.A.
- “As Paisaxes do Alto Deza”. Marta Otero Otero, Xavier Nercellas Méndez, Augusto Pérez Alberti.